

materia

Historia do Mundo Actual

unidade didáctica 3

O mundo occidental despois de 1945. Crecemento económico e Estado de Benestar

Luisa Muñoz Abeledo

Departamento de Historia Contemporánea e de América
Facultade de Xeografía e Historia



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



unidade didáctica 3

O mundo occidental despois de 1945. Crecemento económico e Estado de Benestar

Luisa Muñoz Abeledo

Departamento de Historia Contemporánea e de América
Facultade de Xeografía e Historia



© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.g>

Deseño
Unidixital
Servizo de Edición Dixital
da Universidade de Santiago de Compostela

Edita
Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime
Unidixital
Dep. Legal: C 42-2013
ISBN 978-84-9887-972-8

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: Historia do Mundo Actual

TITULACIÓN: Grao en Xornalismo

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade 1. Os fundamentos do mundo actual

- A Primeira Globalización
- O período de entre guerras

Unidade 2. As consecuencias da Segunda Guerra Mundial e a nova orde internacional

- Os desastres da guerra: perdas económicas e humanas
- Nacemento dunha nova orde mundial
- A reconstrución de posguerra: as axudas da UNRRA e o Plan Marshall.
- O Novo marco institucional: Bretton Woods, FMI, ONU, GATT.

Unidade 3. O mundo occidental despois de 1945. Crecemento económico e Estado de Benestar

- O proceso de expansión capitalista: factores e análise explicativa (1950-1973)
- A sociedade e o Estado de Benestar: os elementos constitutivos e trazos principais
- Crise do modelo de crecemento

Unidade 4. As economías de planificación centralizada

- Recuperación e socialismo. As novas economías de planificación centralizada
- Os anos de crecemento: URSS segunda potencia mundial
- Dificultades de planificación total e reformas sen éxito
- A transición cara as economías de mercado

Unidade 5. España durante o franquismo

- A España da autarquía (1939-1951)
- A represión política e social do réxime
- A industrialización por substitución de importacións (1951-1959)
- Os anos de crecemento do franquismo e de integración internacional (1960-1973)

Unidade 6. O proceso de integración europeo

- Creación da Comunidade Económica Europea
- Avances e dificultades ata a Unión Europea
- A Europa actual: a Unión en perigo

Unidade 7. O Terceiro Mundo: dependencia e subdesenvolvemento

- Teorías e políticas do subdesenvolvemento
- Descolonización
- Dimensión económica e social

8. Retos e perspectivas na era da globalización

A globalización como terceira fase da integración mundial
Os aspectos específicos da mundialización contemporánea

ÍNDICE

Presentación	7
Os obxectivos	7
As competencias a traballar	8
A metodoloxía	8
Os contidos	8
1. O proceso de expansión capitalista: factores económicos de crecemento	9
1.1. Difusión dos avances tecnolóxicos	10
1.2. Reasignación dos recursos entre sectores	11
1.3. Elevados e estábeis niveis de demanda	14
1.4. Entorno institucional favorable ao crecemento	14
2. A sociedade e o Estado de Benestar: trazos principais	15
2.1. Caída do campesiñado e aumento da urbanización	15
2.2. Educación e movemento estudiantil	16
2.3. Muller: mercado de traballo e conquistas sociais	17
2.4. As políticas de protección social	18
3. A crise do modelo de crecemento	19
3.1. Problemas macroeconómicos	20
3.2. Crise do petróleo	20
3.3. Caída do sistema monetario internacional	21
3.4. Paro e investimento	22
Actividades propostas	22
Avaliación da UD	23
Anexo 1	24
Bibliografía	25

PRESENTACIÓN

A unidade tres parte do fin da Segunda Guerra Mundial, cando se abre camiño a idea de que é necesario establecer un marco de relacións económicas internacionais baseado na cooperación e na integración económica. Mentres que na unidade que a antecede, a dúas, explícanse a recuperación de posguerra e as iniciativas para restablecer o sistema monetario internacional (acordos Bretton Woods), o fomento do comercio externo (GATT) e de axuda ao desenvolvemento (Plan Marshall, BIRD), nesta terceira unidade explícanse os factores de crecemento económico e os principais elementos do Estado de Benestar.

Asemade, dentro do módulo do que forma parte a materia de Historia do Mundo Actual, que é **Mundo actual: comprensión e evolución contemporánea**, esta unidade complementa os coñecementos adquiridos na materia "*Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos*" polo que atinxe a análise das políticas keynesianas e dos movementos sociais contemporáneos (feminismo, movemento estudiantil dos anos sesenta). Tamén constitúe unha excelente marco para coñecer as bases do funcionamento dos principais organismos internacionais que se desenvolven nesta segunda fase de mundialización da economía (GATT, FMI) e da liberalización dos mercados de factores. Neste sentido a nosa unidade axuda a sentar as bases dos temas 4 do bloque 1 e 7 do bloque 2 da materia "*Fundamentos de Economía da información*". Por último, relaciónase co tema 7 da materia "*Métodos de investigación*", obrigatoria de terceiro curso, xa que dentro das actividades prácticas propostas, como veremos, está a análise de datos e a elaboración de táboas.

OS OBXECTIVOS

Conceptuais

1. Distinguir os trazos principais da evolución socioeconómica dos Estados Unidos e da Europa occidental entre 1945 e 1975, entendendo o papel dirixente dos Estados Unidos no mundo capitalista.
2. Identificar os factores de crecemento económico do sistema capitalista nas décadas centrais do século XX e analizar a intervención do Estado.
3. Comprender o gran crecemento da demanda de consumo das masas e os avances sociais proporcionados polo estado do benestar.
4. Entender o fin da expansión nos anos setenta e as respostas ante a crise: cambios de política económica e social, innovacións tecnolóxicas.

Procedimentais

1. Buscar, seleccionar e interpretar datos estatísticos, documentos escritos e audiovisuais que servan de ferramentas para axudar a entender e exemplificar os principais trazos desta etapa histórica.

AS COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:

Do conxunto de competencias establecidas para a materia, nesta unidade didáctica traballaranse as seguintes:

- CT1 Capacidade de comprensión, análise e síntese.
- CT2 Habilidades comunicativas (orais e escritas).
- CT3 Capacidade de xestión da información.
- CT4 Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:

- CE1 Localizar, identificar e empregar apropiadamente as fontes de información histórica para a investigación periodística.
- CE2 Capacidade de comprensión, análise e interpretación crítica de textos, documentos, estatísticas.
- CE3 Boa redacción de ensaios e informes.

METODOLOXÍA

A temporización da unidade será de 8 horas, nas que se desenvolverán as seguintes actividades: clases expositivas (4 horas) e actividades prácticas (4 horas). As **clases expositivas**, que constituirán a metade do tempo presencial do alumno/a, serán de gran grupo e de tipo maxistral, con apoio de presentacións en power point e outros materiais que serán anticipados aos alumnos/as antes do comezo da unidade mediante a aula virtual. Estas clases presentan varias vantaxes para os alumnos/as: 1) Introdúcenos nos temas que van a estudar. 2) Informan sobre os debates existentes. As **clases prácticas/interactivas** da unidade serán 4 horas distribuídas en 2 horas por semana. Teñen por obxecto afianzar os coñecementos acadados nas clases teóricas e que os estudantes desenvolvan o seu propio proceso de aprendizaxe, elaborando pequenos produtos (exercicios) semanais en base a diferente material (artigos, capítulos de libros, documentos históricos, datos estatísticos, mapas, etc.), seguindo as indicacións da profesora. Nesta unidade haberá 2 actividades formativas práctica, que se explican no apartado correspondente. A primeira terá lugar nas horas 3ª e 4ª da unidade, despois do epígrafe 3.1 e a segunda nas horas 7ª e 8ª, despois do epígrafe 3.3.

As **competencias** sinaladas adquiriranse mediante o estudo dos contidos do tema e a aplicación dos coñecementos adquiridos nas actividades prácticas propostas:

- 1) Coa **práctica 1** traballarán as competencias **CT1; CT2; CT3; CT4, CE1; CE2, CE3**
- 2) Coa **práctica 2** traballarán as competencias **CT1; CT2; CE3:** Mediante a lectura sinalada e a realización dun exercicio escrito sobre a mesma.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Introdución

Despois da Segunda Guerra Mundial configuráronse definitivamente as tendencias económicas emerxentes xa no século XIX, é dicir a existencia dun centro industrializado, aínda que dividido en función de dous sistemas económicos - un centro occidental con economía de mercado e un centro oriental con economía de planificación centralizada – e unha periferia atrasada que aumentará xeograficamente coa descolonización. Nesta unidade imos estudar nun primeiro epígrafe os factores de crecemento económico das economías occidentais, o que se deu en chamar etapa dourada. Nun segundo epígrafe explicamos os principais trazos da sociedade no estado do benestar. Por último, examinaremos o fin da expansión, o cambio nas políticas económicas que abandonaron o pleno emprego, para retornar á ortodoxia monetaria, en definitiva, exploraremos as causas da erosión do estado do benestar.

1 O PROCESO DE EXPANSIÓN CAPITALISTA: FACTORES DE CRECIMENTO E COMPORTAMENTO DAS ECONOMÍAS ESTATAIS

Entre 1950 e 1973 tivo lugar o período de crecemento máis importante e longo para os países máis desenvolvidos. A taxa media de crecemento por habitante foi de 3,8% anual mentres que entre 1870-1913 fora do 1,4% e entre 1913-1950 do 1,2%. Ou sexa, que o crecemento experimentado entre 1950 e 1973 rompe coa tendencia que, a longo prazo, se dera ata o momento.

Outro trazo deste período foi o gran alcance do crecemento. Tódolos países experimentaron un crecemento elevado sen que a diferente organización económica parecese importar. A taxa de crecemento do PIB per cápita nos países socialistas era de 5,7% anual, ou sexa 1,9 puntos superior á dos países capitalistas.

Neste crecemento global existen importantes diferenzas que nos países avanzados se rexen por dous principios:

- 1) O crecemento é máis elevado canto máis atrasado resulta o país ao principio do proceso: as taxas máis altas correspóndense cas dos países vencidos na Segunda Guerra Mundial (Xapón, Alemania, Italia), e aos países mediterráneos (España, Portugal, Grecia).
- 2) A tendencia é que os países avanzados acaden (catching up) os niveis de renda do país líder: EEUU. En 1938, a renda per cápita de EEUU triplicaba a de Xapón e máis que duplicaba a de Italia; en 1973 os principais países industrializados tiñan rendas moi semellantes entre eles. Estas ían do 61 (Italia) ao 73% (Francia) da renda per cápita de EEUU; en 1990 a converxencia tanto con EEUU como entre outros países aínda aumentara máis e oscilaba entre o 71% de Italia e o 82% de Xapón (Cadro 3.1)

Ademais non se darían flutuacións tan pronunciadas como en períodos anteriores. Houbo anos de máis crecemento e outros de menos, pero non houbo depresións, soamente recesión.

¿En que se traduce esta bonanza?

- a) Baixas taxas de paro. A taxa de paro da Europa occidental foi de 2,9% nos anos 50 en nos sesenta do 1,5%.
- b) Inflación moderada. A taxa de inflación sitúase nun 4,1% a pesar das fortes presións da demanda derivadas das elevadas taxas de crecemento.
- c) Crecemento da produtividade. O crecemento anual da produtividade por traballador sitúase no 4,5%.

1.2. Difusión dos avances tecnolóxicos

Antes da Segunda Guerra Mundial o crecemento dos EUA estaba baseado na súa mellor dotación de recursos naturais e maiores cantidades de terra por habitante. Europa estaba en desvantaxe. A partir da SGM, Europa incorpora as mesmas tecnoloxías que os EUA e comeza a reducilas distancia (catching up).

A difusión dos avances tecnolóxicos prodúcese grazas a (Foreman Peck, 1985):

- a) Un aumento na formación bruta de capital
- b) Unha maior proporción de recursos dedicados á investigación e desenvolvemento.
- c) Crecemento das dotacións de capital humano debido ao aumento do gasto dos gobernos en educación.
- d) A mellora das comunicacións, un aumento dos intercambios, a expansión do investimento nacional e internacional e das multinacionais.

As actividades manufactureiras que máis se beneficiaron da difusión foron: química, electrónica, electricidade e industria automobilística.

A adopción da tecnoloxía norteamericana cuns custes salariais inferiores, co resultado dunha maior competitividade internacional foi un importante factor de crecemento, pero compre ten en conta que o proceso non foi nin automático nin fácil. A xeneralización das técnicas de produción en masa en

EUA xeraron unha revolución no consumo, pero a súa adopción esixía da presenza de factores de produción (capitais e man de obra) e de mercados suficientes, sobre todo para os produtos duradeiros. Non hai que esquecer que a revolución do consumo nos anos vinte en EUA non fora suficiente para evitar a superprodución, que foi unha das causas da depresión dos trinta (Toniolo, 1998).

1.2 Reasignación dos recursos entre sectores

Existe unha importantísima expansión de oferta de traballo e neste período prodúcese o cambio estrutural. As causas foron as seguintes:

a) O crecemento natural da poboación. O aumento natural da poboación despois da Segunda Guerra Mundial foi un factor decisivo na evolución dos mercados de traballo. Entre 1950 e 1970 a poboación medrou un 21,1% nos países de Europa Occidental; un 17,3 % na Europa do Sur; un 15,4% na Europa oriental; un 19,7% na Europa Septentrional e un 32,3% na URSS. A evolución positiva da variable natalidade foi coñecida como “baby boom”. Comezou despois da guerra e durou ata mediados dos anos sesenta. Cando os nenos da posguerra chegaron ao mercado laboral a poboación activa medrou abundantemente.

b) Os fluxos migratorios. Foron unha gran fonte de provisión de man de obra para determinados países a mediados do século XX. Despois do peche de fronteiras provocado pola guerra, millóns de persoas volveron a trasladarse dun país a outro en busca de prosperidade. Especialmente dende as rexións máis atrasadas do Sur e do Este de Europa cara a Alemania, Francia e Suíza ou desde América Central e o Caribe aos centros industrializados do Norte (Estados Unidos e Canadá). Tan só Xapón non recibe emigración.

Nesta unidade veremos a emigración dende unha perspectiva macroeconómica, como o resultado do proceso de expansión capitalista de mediados do século XX, unha nova etapa no camiño da globalización, cuxos efectos serán máis evidentes despois de 1973.

c) A variación nas taxas de actividade. A mellora na escolarización vai facer aumentar a idade de incorporación ao mercado de traballo e polo tanto reducila taxa de actividade. Pero, por outra banda, unha maior incorporación da muller no mercado de traballo vai a facer aumentala taxa de actividade feminina (Ver táboa 3.1)

Taboia 3.1 Taxas de crecemento do emprego nos países da OCDE

	Homes		Mulleres	
	1960-1973	1973-1985	1960-1973	1973-1985
Poboación 15-64 anos	1,3	1,1	1,1	1,0
Emprego	0,8	0,3	1,7	1,8
Emprego industrial	1,3	-0,5	1,6	0,1
Emprego servizos	2,1	1,6	3,3	3,0

Fonte: Marglin (1990)

No 1950 o 28,5% da poboación ocupada de Europa Occidental, Xapón e USA eran mulleres, no 1970 esta porcentaxe era xa do 35,4%. Estes promedios ocultan, sen embargo, algunhas diferenzas entre países e compre non esquecer a ocultación estatística do traballo feminino. Nos anos setenta acrecentouse a incorporación da muller ao mercado laboral nos países da OCDE, sobre todo en dous colectivos: as casadas e as mulleres de clase media e baixa. En familias nas que ambos esposos posuían formación universitaria a muller estaba empregada nun 19,7% dos casos en 1940 e nun 40,8 % en 1970. O fenómeno tamén se percibe en países como España, Italia ou Grecia, aínda que nunha escala moito mais reducida (Arenas, 2003: 178).

En América Latina tamén se asiste ao fenómeno descrito – case a metade dos mestres ou funcionarios en Brasil eran mulleres – aínda que entre 1950 e 1970 aínda persistía unha tendencia exposta xa para EUA ou para Europa a principios do século XX: a saída do mercado de traballo das casadas e a diminución da man de obra feminina nos sectores industriais, en parte motivada polos investimentos multinacionais. Tamén, a protección legal e as barreiras impostas polos sindicatos axudou a esta redución (Kindleberger, 1967;Costa, 2000).

O emprego infantil deixou de ser significativo para os mercados de traballo dos países desenvolvidos, aínda que non noutras partes do globo como se observa Táboa 3.2, referida á proporción de nenos empregados menores de 14 anos respecto do total de poboación desas idades (Táboa 3.2).

Táboa 3.2 Traballo infantil

(% empregados con respecto á poboación menor de 14 anos)

Ambito xeográfico	1950	1960	1970	1980
África	38,48	35,88	33,05	30,97
Asia	36,06	32,26	28,35	23,42
Europa	6,49	3,52	1,62	0,42
América Latina	18,36	16,53	14,60	12,64
Mundo	27,57	24,81	22,30	19,91

Fonte: OIT, 1996

As causas da redución do traballo infantil foron: o propio desenvolvemento económico, o benestar dos traballadores adultos, a introdución de tecnoloxías complexas, a lexislación social, a escolarización obrigatoria.

d) O cambio estrutural da actividade. A ocupación no sector primario experimenta unha diminución considerable. As causas da caída da poboación no sector primario foron o aumento da produtividade do sector e un crecemento menor da demanda de produtos de alimentación. A actividade industrial converteuse, nas décadas centrais que seguiron a Segunda Guerra Mundial, en paradigma de desenvolvemento e benestar da sociedade. Calquera país que aspirara a emprender a vía do progreso debía dirixir as súas estratexias á produción eficiente e masiva de bens de consumo duradeiro. A industrialización, sen embargo, conseguiuase con lixeiros incrementos de man de obra inserta neste sector como se observa na seguinte Táboa 3.3.

Táboa 3. 4. Crecemento anual do emprego en países da OCDE entre 1960 e 1985

SECTORES	1960-1973	1973-1985
Agricultura	-3,4	-1,7
Industria	1,3	-0,5
Servizos	2,5	2,2
Total	1,1	0,9

Fonte: Marglin (1990)

A partir de 1973 no que as taxas de desemprego se desbordan, o sector servizos foi o único que sostivo signos positivos de creación de emprego nos países da OCDE – exactamente un incremento do 2,2 % anual -. O fenómeno foi especialmente evidente entre a man de obra feminina. En

1951 as secretarias británicas, por exemplo, eran o 59,6% da súa profesión e o 77,7% en 1981. En Estados Unidos, en 1970, só un 7,6% dos homes ocupaban cargos administrativos por un 34,5 % de mulleres. Este incremento do emprego en tarefas administrativas debeuse fundamentalmente ao emprego a tempo parcial das casadas.

1.3. Elevados e estábeis niveis de demanda

O crecemento da demanda foi elevado e mantívose a niveis altos sen flutuacións importantes. Para coñecer as causas analizaremos os diferentes tipos de demanda.

1) *Demanda interior.* A maior produtividade e o aumento de factores produtivos (capital e traballo) foron as causas do crecemento da produción. Novos bens (automóviles, electrodomésticos, etc.) prodúcense a un ritmo superior. O sostemento deste ritmo soamente podía acadarse grazas a uns consumidores que cada vez tiñan máis posibilidades e querían consumir estes produtos. O aumento da produtividade trasládase maioritariamente cara ao aumento dos salarios. O nivel salarial triplícase entre 1950 e 1973. A formación da sociedade de consumo que xa se desenvolvera nos anos vinte nos EUA, como vimos na unidade 3, agora o fará na Europa. O consumo en masa reforza o crecemento da produción ao fomentar a profundidade das economías de escala que tamén se vían estimuladas pola estandarización da produción.

2) *Demanda exterior.* O crecemento da demanda explícase tamén polo crecemento do comercio exterior. O volume das exportacións europeas occidentais aumenta entre o 8 e o 9 % anual sendo este o crecemento superior ao do produto, ou sexa, que o grao de apertura das economías aumenta (o grao de apertura é o porcentaxe que o comercio exterior, exportacións mais importacións, representa sobre o PIB). Ao mesmo tempo o crecemento da demanda externa tamén estimulaba o crecemento da produción. Os países que tiñan un maior crecemento da demanda exterior son aqueles que tiveron un crecemento económico maior.

C) *Demanda do sector público.* O éxito das teorías económicas keynesianas entre os economistas e gobernantes vai portar a que se fixese un amplo uso das políticas anticíclicas para controlar a demanda a curto termo. Con este obxectivo utilizarán políticas fiscais e monetarias que tiveran como consecuencia un aumento do peso do sector público. En 1950 o peso do sector público no PIB era do 27% e en 1973 era do 37%.

1.4. Entorno institucional favorable ao crecemento

A cooperación internacional que se iniciara na posguerra continúa e consolídase durante este período, como vimos na unidade 2.

A) *Sistema monetario internacional.* O bo funcionamento do sistema baséase na dispoñibilidade de medios de financiamento internacional de forma que tódolos países puidesen obter os dólares necesarios para pagar as compras

que realizaban outros países. Isto conséguese coa intervención do FMI, coa creación dos DEG e coa expansión da oferta monetaria norte-americana. Esta dispoñibilidade monetaria vai permitir o crecemento que a falta de liquidez impedira no período de entreguerras.

B) O comercio internacional. GATT. A liberalización das transaccións comerciais avanzaron fortemente durante este período polo crecemento da demanda exterior dos países. En parte, este crecemento debeuse ao GATT.

Entre os países de Europa Occidental a colaboración foi aínda máis estreita, sobre todo a partir de 1958 coa creación da Comunidade Económica Europea (CEE). En 1968 o comercio intracomunitario de produtos non agrícolas vai ser liberalizado e establécese un arancel común exterior. A creación da CEE terá un efecto positivo tanto para os países membros onde o comercio entre eles aumenta. A CEE non supón un detrimento do comercio entre os países comunitarios e extracomunitarios. De feito, este comercio aumenta. O clima de colaboración internacional favorece a estabilidade e potencia a confianza que estimulará un aumento do investimento tanto no interior como no exterior.

2 A SOCIEDADE E O ESTADO DE BENESTAR: TRAZOS PRINCIPAIS

Cando Hobsbawm fala de que a sociedade do derradeiro cuarto do século XX se convirte en postindustrial, postmoderna, postestruturalista, explica que se produce a transformación máis rápida, intensa e universal da historia da humanidade (Hobsbawm, 2006). Imos ver agora algúns trazos desta transformación:

2.1 Caída do campesiñado e aumento da urbanización

En primeiro lugar, xa visto no epígrafe 3.1 mediante as taxas de actividade, o cambio máis radical sería a morte do campesiñado. Si en vésperas da Segunda Guerra Mundial, só había un país industrializado, ademais de Gran Bretaña, onde a agricultura e a pesca empregaran cando menos, o 20% da poboación: Bélxica. Mesmo Alemaña os Estados Unidos, as dúas maiores economías industriais onde a poboación rural experimentara unha sostida redución, aínda seguía representando aproximadamente a cuarta parte da poboación; en Francia Suecia e Austria situábase entre o 35 e 40%. En canto a países agrarios máis atrasados de Europa e Romanía, cerca de catro de cada cinco habitantes traballaban na terra.

Cando o campo se valeiraba enchíanse as cidades. O mundo urbanizouse na segunda metade do século XX. Xa a mediados dos anos oitenta o 42% da poboación era urbana. Mesmo no corazón das zonas rurais a xente ía do campo á cidade. En Asia medrou o número de cidades populosas, entre 5 e 8 millóns de habitantes: Seúl, Teheran, Yakarta, Manila, Nova Dheli, Bangkok. En realidade as aglomeracións urbanas máis xigantescas estaban no terceiro mundo: o Cairo, Cidade de México, Sao Paulo e Shanghai, cuxa poboación acadaba os 8 millóns.

Mentres que as cidades do primeiro mundo tiñan zonas de negocios recoñecibles dende unha vista aérea, redes intraurbanas e periféricas de transporte público e privado, e barrios residenciais periféricos, as do terceiro mundo, aínda que conectadas tamén por redes de transporte público vellas e pouco adecuadas, estaban normalmente dispersas e mal estruturadas, algo difícil de impedir dado que estamos a falar de aglomeracións de 20 ou 30 millóns de persoas, parte delas concentradas en núcleos suburbanos de chabolas nas que os seres humanos vivían en pésimas condicións ambientais de salubridade (falta de alcantarillado, de acondicionamento das vivendas, etc.).

2.2 Educación e movemento estudiantil

Outro cambio social relevante foi a educación. O ensino básico ou alfabetización elemental era un obxectivo para a práctica totalidade dos gobernos, ata o punto de que a finais dos anos oitenta só os estados máis pobres confesaban que menos do 20% da súa poboación sabía ler e escribir. A alfabetización foi progresando tanto nos países capitalistas como nos comunistas multiplicándose a demanda de prazas no ensino secundario e na universidade. Do 1% de antes da Segunda Guerra Mundial, os países avanzados de Alemania, Gran Bretaña e Francia pasaron ao 2,5% nos oitenta. Asociado ao Estado do Benestar, as familias, se podían, enviaban aos seus fillos á universidade xa que sabían que ese investimento en capital humano tería un retorno en elevados ingresos. Esta idea estendíase en Latinoamérica e algúns países asiáticos, onde as familias facían verdadeiros esforzos porque os seus fillos estudasen. O estado do benestar occidental proporcionaba axudas para o estudo, mentres que aumentaba o gasto público en educación. O acceso masivo á educación universitaria deu lugar a movementos deste novo grupo social dos estudantes, sendo a década dos sesenta a década dos disturbios estudiantís por excelencia, habendo motivos concertos que os intensificaron segundo os países: a hostilidade á guerra do Vietnam e ao servizo militar en Estados Unidos, o resentimento racial en Perú, as rebelións estudiantís europeas buscando melloras nas condicións laborais.

2.3 Traballadores industriais, empresarios e fordismo

A diferenza da poboación rural, a clase traballadora non caeu, senón que se mantivo bastante estable, mesmo nos antigos países industrializados en torno a un terzo da poboación activa. De feito, en 8 dos 21 países da OCDE seguiu en aumento entre 1960 e 1980. Nos países comunistas que experimentaron unha rápida industrialización, sobre todo na Europa do Este, a cifra de proletarios multiplicouse máis rápido que nunca, ao igual que nas zonas do terceiro mundo que emprendía a súa propia industrialización: Brasil, México, India, Corea. En resumo, que ao final dos anos dourados había máis obreiros que na etapa anterior arredor do mundo con escasas excepcións (Gran Bretaña, Bélxica e Estados Unidos).

No que atinxe as novas formas de produción e de traballo difúndese o fordismo, que, como xa vimos na unidade 1, comezou a implementarse en Europa no período de entre guerras. As empresas, trala Segunda Guerra Mundial, seguiron medrando e concentrándose. Enormes empresas ocupaban grandes cotas na produción e no mercado mundial en tódolos sectores. Polo que atinxe a súa parte máis social, estas empresas seguían a concentrar enormes cantidades de man de obra, máis de 10 e 20 mil traballadores. O aumento das dimensións obrigaba a perfeccionar o funcionamento da súa organización interna, especialmente no relativo á xestión dos recursos humanos, seguindo a xerarquización e centralización na toma de decisións. Consecuentemente, o número de empregados dedicados á xestión foi en aumento. As empresas non so empregaban máis forza de traballo, tamén tiñan plantillas máis estables. Produciuse, polo tanto, unha consolidación dos mercados internos de traballo, é dicir a protección aos traballadores máis antigos. De feito, en Gran Bretaña o 44% de empregados na industria levaban máis de 20 anos na empresa cara a finais dos anos sesenta.

Acompañando a estas formas de empresa culmínase a organización científica do traballo na súa variante taylorista-fordista, que foi a forma máis paradigmática de produción despois da Segunda Guerra Mundial. O modelo americano seguíuse a imitar tralo conflito mundial. Os protagonistas na irradiación dos métodos científicos volveron a ser os mesmos que a principios do século XX: as revistas especializadas, os inxenieros, os institutos públicos e privados que promovían o seu coñecemento. Os métodos fordistas de produción masiva definiron como a guerra fría o Estado de Benestar, o mundo da posguerra ata os anos 80. O crecemento económico destes anos foi o resultado da combinación do binomio fordismo e macroeconomía keynesiana, que souberon crear sobre a base de tecnoloxías de produción masiva, traballo semi-cualificado en cadeas de montaxe, salarios en función da produtividade e unha ocupación completa dos recursos produtivos. Tamén nas décadas centrais do século XX se configurarán unhas relacións máis estables entre os principais axentes sociais do mercado de traballo, empresarios e sindicatos, xeneralizándose a negociación colectiva.

2.4. Incorporación da muller ao mercado de traballo e feminismo

Aínda que xa o tratamos no epígrafe 2.1 un cambio importante que afectou a clase obreira foi o papel que pasaron a desenvolver as mulleres, sobre todo, as casadas. Se nos anos 40 as casadas asalariadas constituían apenas un 14% da poboación feminina en EUA, en 1980 pasarían a representar máis da metade, despois de que a porcentaxe se multiplicara entre 1950 e 1970. A entrada no mercado de traballo da muller non era ningunha novidade, xa o fixeran no século XIX e antes, pero dende os anos sesenta do século XX entran en maior número no ensino superior, pois terían o acceso a ocupacións máis remuneradas e de maior responsabilidade.

Estes cambios irían unidos ao renacer os movementos feministas a partir dos anos sesenta. O detonante foi a publicación do libro de Betty Friedan, "La mística de la feminidad" que apareceu en Norteamérica no ano 1963 e enseguida se difundiu por todo o mundo occidental. A mensaxe era que as mulleres tiñan que saír das súas casas, da trampa, « deste comfortable campo de concentración », desenvolver as súas potencialidades e lograr autonomía, incorporándose ao mundo do traballo. Una vez formulado o problema, Betty Friedan pasou a acción creando, en 1966, a NOW (Organización Nacional de Mulleres), que conseguiu afiliar en pouco tempo un elevado número de mulleres en tódolos estados chegando a ser a asociación feminista máis influente. Houbo unha grande mobilización de mulleres que acadaron importantes reformas lexislativas no campo matrimonial e familiar. Esta mobilización xeral non foi exclusiva dos Estados Unidos, senón que se produciu en case tódalas nacións, favorecida desde 1975, Ano Internacional da Muller, pola actuación de Organismos Internacionais.

Pouco a pouco, mesmo desde a propia NOW, foron xurdindo mulleres máis novas con obxectivos máis revolucionarios, que aspiraban a cambiar o sistema. Abandonando as ideas liberais adoptaban a ideoloxía marxista: «A liberación da muller non podía darse sen a liberación xeneral doutros traballadores oprimidos e explotados baixo o capitalismo. O sistema capitalista era concibido como responsable da organización inxusta do traballo que oprime ao obreiro e á muller coa dobre xornada.» Os grupos sentíanse solidarios coa Nova Esquerda e uníronse a tódalas causas que promovía: movemento de protesta xuvenil, defensa dos Dereitos Cívís, pacifismo.

Algunhas mulleres tomaron outra vía e apuntáronse ao que se chamou o feminismo radical. Este considera que a opresión das mulleres é anterior ao capitalismo e non remata con el, como o mostra o feito de que nos réximes comunistas a muller seguía sendo explotada. Polo tanto, a orixe da explotación no estaba no capitalismo senón no patriarcado (unha institución pola que a metade da poboación, é dicir, as mulleres, atópase baixo o control da outra metade, os homes).

2.4 As políticas de protección social

A directriz dunha seguridade social, base do Estado do Benestar, xeralizada para a poboación recolleuse no artigo 5 da Carta Atlántica (1941), na «Declaración dos dereitos do Home da ONU» (1948), así como en diversas constitucións nacionais. A idea central era os cidadáns membros dun Estado non debían ter só dereitos de participación no proceso de decisión política, senón tamén de benestar social. A política social non debía quedar limitada a unha rede de seguros que substituíra unicamente os ingresos dos traballadores, senón ampliar a protección tradicional dos seguros a un sistema de seguridade preventiva e fomentar o benestar xeral dos cidadáns (Ambrosious e Hubbard, 1992: 151).

En xeral, nos anos cincuenta e sesenta ampliouse moito o estado social na Europa occidental. No 1950 o porcentaxe medio da poboación activa incluída nos seguros de accidente, enfermidade, xubilación e desemprego só superaba o 70% en Dinamarca, Gran Bretaña, Noruega e Suecia. En 1975, só era inferior ao 70% en Grecia, Portugal e España. Isto é un indicio dun proceso de converxencia que, con todo, levouse a termo de formas diferentes. Os seguros de xubilación e de enfermidade eran, en 1975, os máis estendidos con porcentaxes de cobertura que oscilaban entre o 80% e o 100% da poboación activa (só en Grecia, España e Portugal eran inferiores).

O forte e sostido crecemento económico dos anos centrais do século favoreceu o incremento das prestacións sociais. En tódolos países – primeiro a RFA en 1957 e último Gran Bretaña, en 1975 – introduciuse a revisión das pensións segundo o custe de vida. Tamén se elevaron os subsidios familiares por número de fillos, introducíronse prestacións adicionais como asistencia no embarazo, subsidios por maternidade, permisos por maternidade, subsidios para o cuidado dos fillos en caso de nais solteiras, subvencións para as guarderías e a vivenda (Ambrosious e Hubbard, 1992: 153).

En definitiva, o crecente intervencionismo estatal tamén se manifestou no desenvolvemento das prestacións sociais. En promedio na Europa occidental, a carga financeira de tódolos seguros sociais repartíase en 1950 en partes mais ou menos iguais entre o asegurado (30%), o empresario (37%) e o estado (29%); aínda que con diverxencias entre os países: en Francia e Italia, os empresarios, tanto en 1950 como en 1974 soportaban mais da metade dos custes dos seguros, en Noruega a metade ; en Holanda xusto ao revés: empresario e Estado reducía a súa participación e os asegurados tiveron que facerse cargo dun 51%.

3. A CRISE DO MODELO DE CRECEMENTO

Os factores e as condicións que permitiran o crecemento das economías durante dúas décadas desaparecerían nos anos setenta dando paso a un sistema económico inestable. As ganancias derivadas da transferencia da tecnoloxía de produción de masas nunhas economías con capacidade para a súa absorción baseadas nun entorno macroeconómico e institucional estable e un forte investimento de capital produtivo desaparecerían nos anos setenta deixando a paso a un sistema económico inestable.

3.1 Problemas macroeconómicos

Os principais problemas macroeconómicos eran os seguintes:

1. A ralentización dos ritmos de crecemento. O crecemento do PIB nos países da OCDE caería do 5% nos sesenta ao 3,1% nos setenta e ao 2,6% nos oitenta.
2. A inflación. A finais dos sesenta comezaron as tensións inflacionistas que se disparaban nos anos setenta. A inflación dos sesenta non supera en ningún caso o 5%, en cambio nos setenta a taxa de inflación era superior ao 10%. A segunda crise do petróleo prolonga nos primeiros oitenta as elevadas inflacións que nada máis que comezarán a reducirse a mediados dos oitenta. Aparecía así un novo problema, a persistencia da inflación.
3. O paro. O paro aumenta en tódolos países nos anos oitenta. Este problema tiña diferente importancia entre os países desenvolvidos. Mentres nos EUA o Xapón non foi moi importante en Europa o paro adquiría unha magnitude preocupante.
4. Salarios. A partir de 1968-69 despois de anos de crecente conflictividade laboral con importantes folgas en Alemania, os salarios comezarán a aumentar sobre a taxa de crecemento da produtividade provocando aumentos dos custes laborais unitarios que se traducirán en aumento dos prezos. Ao aumentar os prezos a resposta dos traballadores foi demandar aumentos salariais segundo as previsións de inflación. Isto leva a unha espiral de prezos e salarios. Diante da disxuntiva de tolerar os aumentos de prezos ou provocar unha contracción da actividade para frear a inflación, os gobernos optarán por manter estable o nivel de ocupación.
5. Prezos dos alimentos e primeiras materias. As malas colleitas a finais dos sesenta provocarán un aumento dos prezos. Tamén influirá o menor crecemento da produtividade no sector primario porque se dirixe o esforzo innovador cara ao sector secundario.

3.2 Crise do petróleo

Os países desenvolvidos medraran usando unha serie de tecnoloxía enerxético intensiva pasando o petróleo a ser a principal fonte de enerxía. En 1970 o consumo de petróleo representaba o 42% das necesidades de enerxía primaria a nivel mundial.

A principios de outubro de 1973 comeza a guerra entre os árabes e Israel. Os países árabes produtores de petróleo reducirán a produción e impuxeran embargos aos EUA por subministrar armas a Israel e a Holanda que se identificaba coa política exterior israeliana. O subministro mundial de petróleo caeu nun 7% no seguinte trimestre. En menos dun mes a CEE tomara un posicionamento pro-árabe e así conseguira mellorar as chegadas de petróleo a Europa. Os xaponeses adoptaran unha posición semellante. En 1973 os países da OPEP decidiron aumentar o prezo do barril de 3,5 a 5,5 dólares e anunciaban por xaneiro de 1974 que o prezo sería de 11 dólares. En catro meses o prezo triplicábase. Como a demanda era inelástica a curto prazo, o aumento dos prezos do petróleo non supoñía unha diminución da demanda. A inflación en Occidente disparábase e os gobernos implementaron políticas para acadar unha caída da demanda.

Cando parecía que os efectos da crise se suavizaban, volveron a subir os prezos do petróleo en 1979: o prezo pasa de 14.54 dólares por barril no mercado a 34 dólares. As dúas crises do petróleo forzan aos países menos desenvolvidos a emitir débeda pola necesidade de adquirir petróleo. A redución do crecemento internacional durante todo o período dificulta as exportacións e, polo tanto, facía máis difícil a obtención de divisas que eran necesarias para o pago da débeda. O impago da mesma leva ás crises financeiras internacionais de mediados dos anos oitenta.

3.3 Caída do sistema monetario internacional

A caída do sistema monetario que xurdira do acordo de Bretton Woods provoca tamén un aumento dos prezos e a perda de confianza na economía que existiu durante os anos cincuenta e sesenta.

Os problemas do sistema monetario proveñen da falta de adaptación a unha economía cambiante. Os principais foron:

1) Estabilidade dos tipos de cambio. A experiencia da volatilidade dos tipos de cambio durante o período de entre guerras levou a desexar a estabilidade dos mesmos que se puxo en marcha. Pero, cunha economía en transformación e con taxas de crecemento da produtividade diferentes era necesario o axuste das paridades para reflectir os cambios. Durante os anos cincuenta e os sesenta a produtividade da economía americana vai medrar menos que a alemana e a xaponesa, polo tanto teríase que ter reevaluado o marco e o ien e devaluado o dólar con tal de reflectir a mellor capacidade de compra destas moedas. Como isto non sucedía o dólar

estivo sobrevalorado xerando unha tendencia cara ao déficit da balanza de pagamentos americana.

2) Liquidez e confianza. O aumento do comercio internacional facía necesario o incremento dos medios de pagamento para que non existira unha falta de liquidez e así poder levar a termo as transaccións. Recordemos que neste sistema cada moeda nacional tiña unha paridade co ouro e co dólar. Esta operación implicaba a vontade de manter un cambio practicamente fixo e a obriga de poñer en marcha medidas para soste este cambio. O crecemento das reservas de ouro era dun 1% anual, ou sexa, por tal de manter a liquidez internacional tíñanse que ter dólares que cubrisen a diferenza entre a demanda de medios de pagamento e o ouro. Xorde un dilema: para manter a liquidez do sistema os EUA tiñan que ter déficits, pero o mantemento destes déficits minaría a confianza co dólar e fomentaría a especulación da divisa americana. No ano 1971 as tensións foron tan fortes que os EUA suspenderon a convertibilidade do dólar en ouro e devaluaron a moeda. Entre 1971 e 1973 os EUA realizarán varias devaluacións. Finalmente, en 1973, as moedas comezaron a flotar de novo. Rematara o sistema monetario de Bretton Woods, a estabilidade do tipo de cambio. Isto introducía mais incertidume na economía internacional.

3.4 Paro e investimento

A inflación xeneralizada polo aumento dos prezos das primeiras materias, xunto coa ruptura do sistema monetario internacional xerarán unha grande incertidume en todas as economías, o que desincentivará o investimento. En 1974 e 1975 todos os países occidentais experimentaron taxas negativas de crecemento da formación bruta de capital e no resto dos anos as taxas de investimento foron moi baixas. Estas taxas reflectían tamén o esgotamento das bases do crecemento de posguerra.

O menor crecemento do sector industrial repercutiría en menores taxas de crecemento da produtividade. Os sectores terciario e o sector público foron os que experimentaron un maior crecemento nos setenta. O crecemento da economía ata 1973 impulsara o crecemento do sector público ao aumentar o gasto en educación, sanidade, vivenda e transferencias sociais. Dende a crise de 1973 aumentaron os gastos en subsidios de desemprego e xubilacións anticipadas. Ademais, os cambios demográficos e económicos tamén provocarán un aumento do gasto social. A consecuencia disto foi a expansión do gasto público, entre 1960 e 1982 o gasto público como porcentaxe do PIB aumenta 20 puntos porcentuais, de 27% ao 47%. En Suecia elévase ao 66% e en Holanda é do 62%. Eran os primeiros síntomas de crise do Estado de Benestar.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Práctica 1

1. Un ensaio/informe no que se expliquen os principais factores de crecemento da etapa dourada do capitalismo aportando elementos cuantitativos (series estatísticas) e cualitativos (empregando diferentes fontes, hemerográficas, orais...) que mostren este crecemento. Para facer o informe deberán apoiarse no seguinte material:
 - a. Documental “XX, el siglo del pueblo. Testimonios directos de la gente. Nº 12. Una época de prosperidad”.
 - b. Busca de material hemerográfico e estatístico sobre a base de fontes propostas pola profesora (Maddison, 20010, 2003, 2001; Wee, 1986, webs de prensa histórica) co fin de elaborar e interpretar series de datos que mostren cando e en que termos se produciu a converxencia económica ou “catching up” entre Europa occidental e Estados Unidos

Práctica 2

2. Un exercicio práctico baseado na seguinte lectura:
HOBSBAWM, E. (1997): *Historia del siglo XX*, Barcelona, Crítica. Capítulo X: “La revolución social 1945-1990”, pp. 290- 321.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A parte teórica de contidos formativos da unidade será avaliada no exame final da materia e mediante as actividades prácticas da unidade. O traballo autónomo e de grupo que os estudantes empregan para a resolución dos exercicios prácticos mostrará o grao de comprensión dos conceptos e a súa capacidade para aplicar os coñecementos teóricos na práctica; en suma, o cumprimento dos obxectivos formativos e procedimentais e máis a adquisición das competencias do grao que se traballaron nesta unidade.

Perante o curso académico avaliarase a cada alumno/a 4 actividades prácticas aleatoriamente, de xeito que cada actividade sume a cuarta parte da nota práctica da materia, que, a súa vez, pondera un 25% da nota final. A calificación final distribúese como sigue: A) Exame: 50%; B) Traballo de curso: 25%; C) Actividades prácticas: 25%.

No seguinte cadro resúmese o sistema de avaliación da unidade docente

Aspectos	Criterios	Instrumentos	Ponderación
Conceptuais	Dominio de coñecementos teóricos e prácticos	Exame teórico-práctico	50%
Realización de Actividades prácticas	Estrutura, contidos, argumentación, e presentación	Valoración e cualificación da profesora	50%

A continuación explicase con máis detalle o método de traballo que se seguirá nas actividades formativas prácticas:

A **práctica 1** desenvolverase en grupos pequenos de 5 persoas. Para a avaliación do informe final teranse en conta os seguintes criterios: Boa redacción (calidade na documentación empregada), ben estruturado e cun contido correcto, así como boa presentación formal e bibliografía ben citada.

A **práctica 2**, consistente nun exercicio de 5 cuestións sobre a lectura, será corrixida cun criterio de puntuación de 1-10, como se indica no anexo e logo, ponderará o 25% da nota de prácticas, como a actividade anterior (ver anexo 1).

ANEXO 1

HISTORIA DO MUNDO ACTUAL Curso académico 2012/13 Profesora: Luisa Muñoz

**Práctica 3
19/10/2012**

Nome e apelidos.....Grupo.....

LECTURA:

HOBSBAWM, E. (1997): *Historia del siglo XX*, Barcelona, Crítica. Capítulo X: "La revolución social 1945-1990", pp. 290- 321.

CUESTIÓNS:

1)Define brevemente (2 puntos):

Revolución verde Corporativismo industrial

2) Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas (V/F) e razónao brevemente (2 puntos)

2.1 Nas rexións pobres do mundo a revolución agrícola non estivo ausente, aínda que foi máis incompleta

2.2 O mundo da segunda metade do século XX estaba menos urbanizado que o da primeira metade

2.3 A inmigración, nos países Europeos occidentais, contribuía á segmentación laboral na industria e nalgúns casos tamén creou tensións sociais

2.4 A entrada masiva de mulleres casadas no mercado laboral e a extraordinaria expansión do ensino superior foron trazos sociais común nos países desenvoltos occidentais

3) Comentario de texto (3 puntos)

LILY: Mi abuela nos contaba cosas de la Depresión. También puedes leerlas.

ROY: Siempre nos andan diciendo que deberíamos estar contentos de tener comida y todo eso, porque en los años treinta nos decían que la gente se moría de hambre y no tenía trabajo y tal.

BUCKY: Nunca he tenido una depresión, o sea que en realidad no me preocupa.

ROY: Por lo que he oído, hubieras odiado vivir en esa época.

BUCKY: Vale, pero no vivo en esa época.

STUDS TERKEL, *Hard Times* (1970, pp. 22-23)

Comenta o texto anterior, sinalando as principais diferenzas entre os anos trinta e os anos sesenta en canto a emprego e niveis de vida

4) En base a lectura, interpreta como se desenvolveu a igualdade entre homes e mulleres no sistema capitalista e no comunista. Sinala as principais diferenzas (3 puntos)

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía básica

- ALDCROFT, D.H. (2002): *Historia de la Economía europea, 1914-2000*, Barcelona, Crítica.
- BARCIELA, C. (2005): “La edad de oro del capitalismo (1945-1973)” en Comín, F., Hernández, M. e Llopis, E., *Historia Económica Mundial, siglos X-XX*, Barcelona, Crítica.
- CRAFTS, N. e TONIOLO, G. (1996): *Economic Growth in Europe since 1945*, Cambridge, Cambridge University Press.
- VAN DER WEE, H. van der. (1986): *Prosperidad y crisis. Reconstrucción, crecimiento y cambio 1945-1980*, Barcelona, Crítica.

Bibliografía complementaria

- COSTA, D. (2000): “From Mill Town to Board Room: The rise of women’paid labor”, *Journal of Economic Perspectives*, 14 (4).
- CRAFTS, N.F.R. (1995): “The Golden Age of Economics Growth in Western Europe, 1950-1973, *Economic History Review*, 68 (3).
- EICHENGREEN, B. (2000): *La Globalización del Capital. Historia del sistema monetario internacional*, Barcelona, Antoni Bosch.
- HOBSBAWM, E. (1997): *Historia del siglo XX*, Barcelona, Crítica.
- KINDLEBERGER, Ch. (1967): “Europe postwar growth”, *The role of labor supply*, Harvard.
- KRUGMAN, P. (2000): *Vendiendo prosperidad*, Barcelona, Ariel.
- MADISSON, A. (1991): *Historia del desarrollo capitalista. Sus fuerzas dinámicas*, Barcelona, Ariel.
- MADISSON, A. (2001): *The World Economy. A Millenial Perspective*, Paris, OCDE [edición castellana (2002), *La economía mundial: Una perspectiva milenaria*, Madrid, Mundi-Prensa].
- MARGLIN, S.A. (1990): “Lessons of the golden age. An overview” en Marglin, S.A., Schor, J.B., *The golden age of capitalism. Reinterpreting the postwar experience*, Oxford, Clarendon Papersback.
- MONTGOMERY, D. (1985): *El control obrero en los Estados Unidos: estudios sobre la historia del trabajo, la tecnología y las luchas obreras*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- RITTER, G.A. (1991): *El estado social, su origen y desarrollo en una comparación internacional*, Madrid, Centro de Publicaciones del Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.
- ZAMAGNI, V. (1991): “El desarrollo económico de la Europa posbélica: ¿un milagro irreplicable?”, en CABRERA, M., JULIÁ, S. e MARTÍN ACEÑA, P. (eds.): *Europa, 1945-1990*. Madrid, Editorial Pablo Iglesias, capítulo 5.
- ZAMAGNI, V. (2000): *Historia Económica de la Europa Contemporánea*, Barcelona, Crítica, capítulo 14.

Citas de recursos en internet

http://recursosgratis.com/servicios/servidores_estadisticos/

(enlaces con diferentes organismos nacionais e internacionais provedores de estadísticas)

http://europa.eu/index_es.htm (portal da Unión Europea);

<http://ggdc.net/maddison/> (pax web do proxecto do profesor Angus Maddison)

<http://www.bls.gov/data/> (pax. web de Bureau of Labor Statistics, estadísticas laborales de Estados Unidos desde 1951)

<http://hsus.cambridge.org/HSUSWeb/HSUEntryServlet> (*Historical Statistics of the United States: Millenial Edition on line*).

Películas: One, Two, Three (1961, dir. Billy Wilder);

Recursos de audio:

http://es.wikipedia.org/wiki/Plan_Schuman: Discurso de Robert Schuman para construír a CECA

Textos on line:

<http://eur-lex.europa.eu/es/treaties/index.htm#founding> (os diferentes tratados da integración Europea)



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

